

ADDENDA
A
A PONDERACIÓN DO GREGO
PAU XUÑO E SETEMBRO DE 2010

Teño que lamentar, e moito, que no meu escrito *A Ponderación do Grego II* dirixido á CIUG, á SEEC e a EPOS cometín o erro (*liñas 21-22*) de falar de “... valores ... vixentes no curso 2010-2011...”, cando o certo é que eses valores dos que eu protestaba e protesto eran unicamente para o curso 2009-2010, é dicir, para as PAU de xuño e setembro de 2010. Eu sabía ben, e penso que no meu escrito está implícito, que para o curso 2010-2011 e seguintes pode haber novidades respecto do vixente nas PAU de 2010.

Corrixido ese erro, manteño e preciso a miña opinión en que:

1. Por fortuna, hai posibilidade legal de que nos cursos 2010-2011 e seguintes poida haber ponderacións feitas con mais siso e mais prudencia que a de lle dar 0,1 a GREGO II no grao de Filoloxía Clásica, do que é raíz e eixo principalísimo.

2. É tamén moi desexable que nos cursos 2010-2011 e seguintes, para todos ou a maior parte dos graos de Filoloxía, Lingüística, Filosofía e Historia se considere que o GREGO II pode, mesmo debe, acadar a ponderación de 0,2. Non se obriga a ninguén, simplemente faise xuízo e orientación de qué materias poden contribuír á mellor formación do alumno, ademais de que se poida presumir que a maioría dos alumnos que optan a eses graos procedan da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

3. Vaia por diante que no BOE 29.05.2009 non souben atopar o texto que se me indica como base de que “o avanzado do calendario” aconsellase na CIUG do SUG o que nin entendo nin quero admitir, é dicir, que os criterios para establecer os valores de ponderación sexan outros que os moi sensatos e ben claros nesta directriz ministerial: *RD 1892/2008, Art. 14.3. El parámetro de ponderación (a ó b) de las materias de la fase específica será igual a 0,1. Las universidades podrán elevar dicho parámetro hasta 0,2 en aquellas materias que consideren más idóneas para, de acuerdo con la finalidad de la prueba a que se refiere el artículo 5, seguir con éxito dichas enseñanzas oficiales de Grado.*

4. Toda a natural e moi saudable preocupación que a CIUG sinte polos alumnos e pola súa seguridade nas opcións da súa matrícula e nas avaliacións e nas PAU polas que esas súas opcións pasarán, podería ter mellor solución que a de marxinar unha e outra vez con 0,1 o GREGO II, por debaixo doutras materias con menor incidencia na formación e información para cursar eses graos citados no punto 2, graos nos que o bacharelato previo na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais é presunción certa ou, cando menos, maioritaria.

En efecto, se acerto eu a non perder o camiño pola “selva oscura” do D. 126/2008, para ordenación e currículo do noso bacharelato, resulta que no art. 5 está prevista unha modalidade de HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS na que GREGO I e GREGO II (e tamén Latín I e Latín II) son materias optativas “de aprendizaxes progresivas”, é dicir que: a) non sei nin importa agora se é posible cursar GREGO I e non

lle engadir a opción polo GREGO II, pero b) para a avaliación do GREGO II hai que ter cursado e superado o GREGO I.

En consecuencia, o darlle unha ponderación de 0,2 a GREGO II (emparellado co Latín II) non pon en problemas nin en inseguridades de prazos de matrícula, carencias de información previa, déficits de formación, etc. ós alumnos desa modalidade de HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS que teñan GREGO II neste curso 2009-2010 (PAU xuño e setembro de 2010), pois, se a miña análise é correcta, eses alumnos tiveron que cursar GREGO I no curso 2008-2009.

E se fose o caso de que o detalle dos feitos non sexa o que eu manexo, segue en pe que para algúns, ou bastantes, ou moitos, ou mesmo todos os arredor de 700 / 800 alumnos que poderían cursar GREGO II en 2009-2010 (a xulgar pola cantidade a que nestes últimos anos *ascendeu* o número dos examinados de GREGO II nas PAU), pode ser posible e conveniente a ponderación de 0,2 nesa materia, de interese certo na súa formación e cara ós graos que queren cursar.

5. A redución incondicional do GREGO II a unha ponderación de 0,1 mesmo pode parecer parte dun programa político e técnico para botar a materia fóra do noso bacharelato por facer dela algo marxinal no estilo das vellas “marías” dos meus tempos de estudante.

Sería moi desexable que o SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA non caia nos erros e nos antollos de ponderacións que choven a oito noutras universidades españolas e que están xa nas picotas e mais nas rexoubas de varias páxinas web de xentes do ensino medio e superior.

6. Voume permitir un repaso *e relevo* dalgúns artigos do *RD 1892/2008, de 14 de novembro (BOE do 24) por el que se regulan las condiciones para el acceso a las enseñanzas universitarias oficiales de grado y los procedimientos de admisión a las universidades públicas españolas*. Intento ver se a opción da materia (GREGO I +) GREGO II na MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS ten encaixe na nova estrutura da PAU e de forma que unha ponderación de 0,2 pareza a mais indicada.

Sei moi ben que este *RD 1892/2008* vai ter a súa aplicación plena a partir das PAU, ou como pasen a chamarse, do curso 2010-2011, pero quero insistir que na transición que van marcar o curso 2009-2010 e as súas PAU (xuño e setembro de 2010) non había nin exigencia para lle impoñer o 0,1 ó GREGO II nin para o excluír do 0,2. O criterio e a conveniencia libres do alumno, segundo as súas afeccións intelectuais e cara o grao universitario que quere cursar, son indicadores moito mellores, mais respectables, que as prosas de gabinete. E quero repetir que as presas nesas prosas non implicaban o desacerto de que estamos a queixarnos en varios frontes.

Artículo 8. *Estructura de la prueba...* 8.2: *La fase general de la prueba tiene por objeto valorar la madurez y destrezas básicas que debe alcanzar el estudiante al finalizar el bachillerato para seguir las enseñanzas universitarias oficiales de Grado, especialmente en lo que se refiere a... .. los conocimientos o técnicas fundamentales de una materia de modalidad.* ¿Por qué non o GREGO II no grao de Filoloxía Clásica, ou en calquera outro grao da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, e con ponderación 0,2?

Artículo 3. *La fase específica de la prueba, de carácter voluntario, tiene por objeto la evaluación de los conocimientos y la capacidad de razonamiento en unos ámbitos disciplinares concretos relacionados con los estudios que se pretenden cursar y*

permite mejorar la calificación obtenida en la fase general. ¿Por qué non o GREGO II no grao de Filoloxía Clásica, ou en calquera outro grao da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, e con ponderación 0,2?

*Artículo 9. Descripción de la fase general: La fase general constará de los ejercicios siguientes:.... .. 4. El cuarto ejercicio versará sobre los contenidos de **una materia de modalidad de segundo de bachillerato**. Consistirá en la respuesta por escrito a una serie de cuestiones adecuadas al tipo de conocimientos y capacidades que deban ser evaluados y cuyo formato de respuesta deberá garantizar la aplicación de los criterios objetivos de evaluación previamente aprobados. El ejercicio presentará dos opciones diferentes entre las que el estudiante deberá elegir una. A efectos de organización de la prueba, el estudiante indicará en la solicitud de inscripción en la prueba de acceso, la materia de modalidad de la que se examinará. Esta materia será una de las materias de modalidad a las que hace referencia el artículo 7 del Real Decreto 1467/2007, de 2 de noviembre, por el que se establece la estructura del bachillerato y se fijan sus enseñanzas mínimas, y que la Administración educativa de la que depende la universidad en la que se realiza la prueba haya establecido para el segundo curso de bachillerato. ¿Hai en todo este longo detalle e na súa remisión á lexislación autonómica (Cf., por exemplo, D. 126/2008, art. 7.4) algún impedimento certo para que o alumno non escolla o GREGO II, ben no grao de Filoloxía Clásica, ben noutro calquera outro grao da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, e con ponderación 0,2?*

*Artículo 11. Descripción de la fase específica: .1. Cada estudiante **se podrá examinar de cualquiera de las materias de modalidad de segundo de bachillerato a que hace referencia el artículo 7.6 del Real Decreto 1467/2007, de 2 de noviembre, por el que se establece la estructura del bachillerato y se fijan sus enseñanzas mínimas, distinta a la materia elegida para realizar el ejercicio al que se refiere el artículo 9.4 de este real decreto**. 2. Los ejercicios de cada una de las materias elegidas por el estudiante consistirán en la respuesta por escrito a una serie de cuestiones adecuadas al tipo de conocimientos y capacidades que deban ser evaluados y cuyo formato de respuesta deberá garantizar la aplicación de los criterios objetivos de evaluación previamente aprobados. ¿Por qué non o GREGO II no grao de Filoloxía Clásica, ou en calquera outro grao da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, e con ponderación 0,2?*

Moito celebraríaa que estas reflexións poidan ser de utilidade na mellora do noso traballo e no proveito para os nosos alumnos. Cordialmente,

Juan J. Moralejo
Catedrático de Filoloxía Grega
Coordinador de Grego